

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA), A AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA E O CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS PARA A MELLORA DA XESTIÓN DA INFORMACIÓN RELATIVA Á DECLARACIÓN DE COLLEITA DE UVA DOS PRODUTORES ACOLLIDOS Á DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS

En Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, o **Fondo Galego de Garantía Agraria** (en adiante, FOGGA), e no seu nome e representación, D. Silvestre José Balseiros Guinarte, director do FOGGA, segundo nomeamento realizado polo Decreto 128/2020, do 10 de setembro, por delegación do conselleiro, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Resolución do 29 de abril de 2005 sobre delegación de competencias no vicepresidente e no director do FOGGA (DOG número 85, do 4 de maio de 2009)

Doutra parte, a **Axencia Galega de Calidade Alimentaria** (en diante, a Axencia), NIF Q1500322A, e no seu nome e representación, D. José Luis Cabarcos Corral, director da Axencia, por delegación de D. José González Vázquez, presidente da mesma conforme ao previsto no artigo 13 do Decreto 52/2018, de 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas en nome das entidades que representan, e

Doutra, o **Consello Regulador da Denominación de Orixe** (en adiante, CRDO) **Rías Baixas**, e no seu nome e representación Juan Gil de Araújo, presidente do CRDO Rías Baixas

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que ao FOGGA correspóndenlle o desenvolvemento de accións que contribúan á mellora do sistema produtivo agrario e ao seu desenvolvemento equilibrado e integrado no territorio, consonte co previsto no artigo 10.d) do Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, polo que se aproban los estatutos do organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria. En particular, é competencia do Servizo do Sector Lácteo e Mercados Agrícolas do FOGGA a adopción de medidas derivadas da aplicación da organización común de mercados agrícola, consonte co previsto no artigo 30.2. d) do citado decreto.

SEGUNDO.- O Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia ten por obxecto regular o potencial de produción

vitícola da Comunidade Autónoma de Galicia, contribuíndo á súa ordenación territorial, no marco da regulamentación do sector vitivinícola na UE e da normativa básica estatal. En particular no que atinxe, entre outros, á viticultura e o seu desenvolvemento sustentable, de acordo co previsto seu artigo 1.1.d).

Segundo este decreto a regulación do potencial de produción vitícola é un dos instrumentos establecidos pola Unión Europea (UE) para acadar o equilibrio do mercado vitivinícola no marco da Organización Común do Mercado (OCM).

O Decreto 256/2011, do 7 de decembro, establece diversas ferramentas para acadar ese equilibrio. En concreto, o seu artigo 24.1.b) regula entre as declaracións obrigatorias a efectuar no sector vitivinícola a declaración de colleita de uva.

Corresponde á consellería competente en materia de agricultura velar polo cumprimento polas diferentes persoas interesadas dos distintos tipos de declaracións obrigatorias, como é a declaración de colleita de uva, co fin de mellorar a rastrexabilidade da produción vitivinícola e ao mesmo tempo facilitar a recompilación de tanta información sexa necesaria para o cumprimento das obrigas de seguimento do mercado vitivinícola, de acordo co artigo 24.1 do Decreto 256/2011.

En particular, segundo o artigo 35.1 do Decreto 256/2011, do 7 de decembro, correspóndelle aos servizos territoriais responsables en intervención de mercados do FOGGA a tramitación das declaracións obrigatorias que se relacionan no artigo 25.2) do citado decreto. Entre elas inclúese a declaración de colleita de uva.

TERCEIRO.- O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, define como obxecto da Axencia, entre outros, constituírse no instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade. A tal fin, identifica como funcións específicas da Axencia as actuacións de control e certificación dos produtos acollidos ás denominacións xeográficas de calidade e ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Axencia actúa como autoridade competente no ámbito da protección e control da calidade diferenciada, exercendo as súas funcións directamente ou ben a través de organismos delegados, como no caso das denominacións de orixe vitivinícolas, no que ten delegadas ditas funcións nos consellos reguladores. Neste último caso de delegación de funcións de control, a Axencia exerce a supervisión das actividades de control dos consellos reguladores, garantindo o correcto desenvolvemento da delegación.

CUARTO.- O CRDO Rías Baixas constitúese en corporación de dereito público segundo o disposto no artigo 12 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

De acordo co previsto no artigo 14 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, corresponde aos consellos reguladores aplicar os sistemas de control establecidos pola normativa comunitaria e polos seus propios regulamentos, referidos aos produtos, a calidade, as circunstancias conducentes á certificación do produto final e outros que correspondan; velar polo desenvolvemento sostible da zona de produción e colaborar coas autoridades competentes, en particular no mantemento dos rexistros públicos oficiais, así como cos órganos encargados do control.

QUINTO.- Que as partes concordan que no sector vitivinícola resulta esencial o desenvolvemento dun axeitado sistema de control da produción de cara a perfeccionar a rastrexabilidade da produción vitivinícola e facilitar a recompilación da información necesaria para o cumprimento das obrigas de seguimento do mercado vitivinícola por parte das autoridades nacionais e comunitarias.

En consecuencia, acordan a subscrición do presente Convenio, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxectivo e finalidade do convenio

O obxecto deste Convenio é regular o marco de colaboración entre as partes asinantes para a realización conxunta das actividades de control da produción no sector da viticultura para garantir a calidade da produción da DO. En concreto, a finalidade do convenio é mellorar a xestión e control da información relativa á declaración de colleita de uva das persoas produtoras acollidas ao CRDO Rías Baixas.

SEGUNDA: Compromisos asumidos polas partes

Para o desenvolvemento dos traballos obxecto deste convenio, cada organismo asumirá os seguintes compromisos:

O CRDO Rías Baixas:

- a) Recadará das adegas a información precisa de entregas de uva por parte das persoas viticultoras en relación ás parcelas acollidas ao réxime do consello regulador, co obxecto de proceder á validación da colleita.
- b) Recadará das persoas viticultoras inscritas a autorización para presentar no seu nome a declaración de colleita ante o organismo competente.

- c) Recadará das persoas viticultoras a información adicional que, de ser o caso, sexa precisa para completar a validación da colleita da persoa viticultora da que obtivera a autorización
- d) Remitirá á persoa viticultora un borrador de validación da colleita para que nun prazo máximo de dez días naturais, preste conformidade ou desconformidade. Transcorrido este prazo sen contestación por parte da persoa viticultora entenderase que esta amosa a súa conformidade cos datos das entregas de uva na súa explotación acollida ao réxime do consello regulador, autorizando a que o CRDO presente a declaración de colleita no seu nome.

O CRDO efectuará estas comunicacións e recibirá, de ser o caso, a contestación a través de correo electrónico con xustificante de recepción, sempre que así conste na autorización da persoa viticultora.

- e) Subministrará á aplicación informática creada para o efecto a información da declaración de colleita de uva das parcelas inscritas na DO Rias Baixas das persoas colleiteiras que autorizasen a transmisión de datos, antes do 10 de decembro do presente ano. A esta información terán acceso o FOGGA e a Axencia.
- f) Porá en coñecemento do FOGGA o listado de persoas viticultoras que, de ser o caso, non outorgaron a súa autorización para a transmisión destes datos ou non deron a súa conformidade á relación de parcelas acollidas á DO.
- g) Porá en coñecemento do FOGGA calquera discrepancia ou erro detectado na información remitida relativa da declaración de colleita das persoas produtoras acollidos a súa DO, unha vez que se detecte.

O FOGGA:

- a) Garantirá a identidade dos datos que constan na DO referentes á declaración de colleita cos que, de ser o caso, se remitan ás autoridades nacionais e comunitarias, asegurando a súa homoxeneidade e rastrexabilidade.
- b) Evitará as discrepancias entre os datos que figuran no CRDO Rias Baixas e os datos que, de ser o caso, se faciliten ás autoridades nacionais e comunitarias competentes en materia de viticultura.

A AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA:

- a) Facilitará ao Fogga os datos dos operadores inscritos nas DO Rias Baixas
- b) Contrastará os datos facilitados polo Fogga con calquera outra información que teña como consecuencia da acción de supervisión do control no ámbito da calidade diferenciada, de xeito que se podan validar as declaracións oficiais.

- c) Tamén actuará, pola súa condición de autoridade competente neste ámbito, como intermediario entre o Fogga e os consellos reguladores cando sexa necesario.

TERCEIRA.- Inexistencia de gasto

A realización das actividades contidas neste convenio non implican desembolso económico para ningunha das partes asinantes.

CUARTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e das actividades desenvolvidas na súa execución, así como para propoñer solucións a calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada pola persoa titular da Secretaría do FOGGA, a persoa titular da Xefatura da Área da Calidade Alimentaria da Axencia, e a persoa titular da Presidencia do CRDO Rías Baixas, ou as persoas nas que deleguen.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta Comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na sección terceira do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

QUINTA.- Natureza do convenio

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este Convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e subsidiariamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

SEXTA.- Vixencia do convenio

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2021.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

OITAVA.- Modificación, denuncia e resolución do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio en calquera momento. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado. Calquera modificación das cláusulas requirirá de informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Son causas de resolución deste convenio:

- a) O acordo mutuo das partes asinantes ou a denuncia dunha delas comunicada ao resto en tempo e forma.
- b) A aparición de circunstancias que imposibiliten as actuacións previstas
- c) O incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga

NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais; do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMA.- Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha ao FOGGA, á Axencia Galega da Calidade Alimentaria ou ao Consello Regulador nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste Convenio.


DÉCIMO PRIMEIRA- Xurisdición

As partes comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asínase por triplicado exemplar o presente convenio na cidade e data indicados.

Polo FOGGA

O director do FOGGA
Silvestre José Balseiros Guinarte



Pola Axencia

O Director
José Luís Cabarcos-Corral



Polo CRDO Rías Baixas

Juan Gil de Araújo y
González de Careaga

